



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

María Lourdes Castro Pena, SECRETARIA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Camariñas, en sesión Ordinaria, de data mércores 28 de xuño de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

2. APROBACIÓN RECTIFICACIÓN POR ERRO MATERIAL NO PCAP E PPT DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS VARIOS, DOUS LOTES.

Dase lectura a proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

**ASUNTO: APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN POR ERRO MATERIAL NO PCAP E PPT DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS VARIOS, DOUS LOTES
EXpte TEDEC: 2022/C004/000002**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2023, se aprobou o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, que rexerá a contratación, por procedemento aberto armonizado, tramitación ordinaria, dous lotes, para a contratación do servizo de limpeza de edificios varios do Concello de Camariñas.

Visto que foi publicado na Plataforma de Contratos o 5 de xuño de 2023 e enviado anuncio a Oficina de publicacións da Unión Europea o 2 de xuño de 2023.

Visto que o prazo segundo o PCAP para a presentación de ofertas é de 30 días naturais contados desde a fecha de envío del anuncio de licitación a la Oficina de Publicaciones de la Unión Europea.

Visto que foron detectados unha serie de erros materiais nos prego de de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

En aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos.

Visto os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas corrixidos que constan no expediente TEDEC.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, sendo polo tanto unha competencia de Alcaldía, se ben consta acordo de delegación na Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, que rexerá a contratación, por procedemento aberto armonizado, tramitación ordinaria, dous lotes, para a contratación do servizo de limpeza de edificios varios do Concello de Camariñas. Nas seguintes cláusulas:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

PCAP:

- cláusula 1.3 (lote 1: engadir, centro cultural ponte do porto, planta baixa)
- cláusula 6 (presuposto base de licitación, engadir que se refire a unha anualidade a cantidade referida).
- cláusula 7 (rectificar erros nas partidas de gasto, eliminado a da casa do concello)

PPT:

- cláusula 1.3 (lote 1: engadir, centro cultural ponte do porto, planta baixa)
- cláusula 4.2 (engadir as tarefas de limpeza a realizar en casa da pedra e biblioteca, omitidas)
- cláusula 11.1 (rectificar os criterios a valorar por xuício de valor e poñer os incluídos no PCAP).

Segundo.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público e no DOUE e aumentar o prazo de presentación de ofertas en 15 días naturais a engadir aos 30 iniciais, contados dende a data de envío do anuncio de licitación a Oficina de Publicacións da Unión Europea.

En consecuencia o prazo remata o 18 de xullo as 23.59 horas.

Terceiro.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación rectificada.”

Os presentes acordos foron adoptado por unanimidade dos membros presentes na Xunta de Goberno Local.

E para que así conste expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Camariñas asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

**Vº e Praxe,
A alcaldesa,**

A secretaria,

Asd.: Sandra Insua Rial

Asd.: María Lourdes Castro Pena

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).